

O SEPE BATE O SEU PROPIO RECORD NUNCA FOMOS TAN POCOS TRABALLANDO

<https://www.cigadmon.gal/novas>

A día de hoxe o SEPE ten vacantes o 34% dos postos, o que supón 3.834 efectivos menos dos necesarios.

Actualmente, o noso organismo conta con 7583 efectivos dos que 1088 (o 14%) son persoal interino.

Como solución tranquilizadora, o Director Xeral informou de que nos próximos meses incorporaranse 90 interinos máis e van solicitar a autorización para contratar outros 459 interinos de vacante C2. Todo un planazo.

Comparativa de efectivos dende a chegada do actual equipo directivo:

	ESPAÑA	GALIZA
2020 (decembro)	8.848	533
2023 (novembro)	7583	464

Na súa intervención a CIG criticou a xestión da actual Dirección Xeral polos seguintes motivos:

- Incremento do xa grave déficit de persoal
- Postos con específicos sen regularizar dende hai anos, letrados con retribucións ridículas en comparación co resto de organismos, personal facendo funcións de superior categoría...
- Non se cumpre o compromiso dun concurso anual onde se oferten todas as vacantes. Os concursos eternízanse na súa resolución,

non convocan todas as vacantes ocupadas en comisión de servizos.

- Eliminan a valoración do galego en moitos postos que se ofertan en concurso.
- As aplicacións fallan continuamente.
- Segue a práctica na maior parte das provincias de dar comisións de servizo a dedo.
- Non temos o apoio da Ministra na defensa do SEPE fronte a Facenda.
- Locais de oficina compartidos cunha Comunidade Autónoma que nos considera ocupas.